

# María Dominguez Polín

María Domínguez Polín non naceu en Pontevedra pero casou con Secundino Couto Solla, un dos veciños de Mourente con maior relevancia política na II República e, a consecuencia diso, sufriu unha fondísima represión económica por parte dos golpistas, que ademais condenaron o seu home a prisión e traballos forzados.

Couto Solla (Mourente, 1873-Ourense, 1960), alcumado *O Canteiro* por ser esa a súa profesión, era no momento do golpe alcalde de Ponte Canedo, concello posteriormente anexionado a Ourense. Coñecéranse en Monforte cando el estaba traballando nunha obra. O pai de María, Basilio Domínguez, era Garda Civil, e ela era moi relixiosa, ao contrario que Secundino, que era masón, pero segundo explica a súa familia “sempre respectou as súas ideas”. Casaron o 4 de outubro de 1909.

A faceta política de Couto iniciárase unha década antes, no solpor do século XIX. No Nadal de 1899 preside con Pablo Iglesias unha das primeiras reunións do Partido Socialista e é nomeado secretario en Ourense, un cargo que ocupará ata 1906. Foi o ano en que rematou nesa mesma cidade a construción da Praza de Touros, unha das importantes encargas que converteron o rapaz canteiro nun grande empresario, dono dunha fábrica-almacén de materiais de construción.



Porén, o seu paso de obreiro a patrón supón un hándicap na súa carreira dentro do Partido Socialista, tal e como explica o xornalista Fernando Salgado no artigo “Canteiro, socialista, empresario y alcalde”, publicado por *La Voz de Galicia*: “No fraguó, sin embargo, su prometedor carrera en la cúspide del joven partido. El obrero se transformó paulatinamente en patrón: antes de concluir el primer tercio del siglo pasado, el pionero del socialismo ourensano se había convertido en presidente de la asociación patronal”.

Permanecerá afastado da política ata 1930, cando xorde a súa vinculación co PRRS, o Partido Radical Socialista, que chegará a presidir. Posteriormente formará parte de Unión Republicana, destacando a súa participación en actos contra a monarquía xunto a outros nomes relevantes como Roberto Blanco Torres ou Luís Fábrega. Tamén apoiará o Estatuto de Autonomía.

Coa chegada da II República é elixido alcalde de Ponte Canedo, o que hoxe é o barrio da Ponte dentro do concello de Ourense, e nese cargo é restituído tras a vitoria da Fronte Popular en febreiro de 1936 e ata o golpe de Estado de xullo. Os franquistas depóñeno do cargo, aprésano e confíscanlle á familia todos os bens, valorados en 470.000 pesetas, unha verdadeira fortuna daquela.

María vive os primeiros días sumida no temor:

“A miña avoa pasouno moi mal. Enfermou do corazón por tanta preocupación e tanta incerteza. O meu pai, que era o maior dos fillos, buscaba o corpo do avó polas gabias, porque dicían que o ían matar”. [Marisa Couto, neta de Secundino e María.]

Secundino estivo preso en Ourense e Celanova e logo aproveitaron o seu bo facer como canteiro para obrígallo a realizar traballos forzados, entre outros a restauración do mosteiro de Oseira. O xornalista Brais Iglesias afirma no artigo “El socialista ourensano al que una letra le salvó la vida”, publicado en *La Región*, que salvou a vida porque as listaxes dos franquistas recollían a necesidade de deter a Secundino Conto, e non Couto, e ese cambio no apelido adiou a súa detención. O que si se sabe con certeza é que o seu xuízo ante o Tribunal especial de represión de la masonería y el comunismo non se celebrou ata O 14 de decembro de 1953, e que complicou a súa procura o feito de que estivese adscrito á loxa masónica de Barcelona.

A detención de Couto, que foi condenado a doce anos, e as cuantiosas multas impostas polo réxime fan que a vida de María Domínguez troque totalmente tras o golpe. Tiveran dous fillos varóns e dúas mulleres. O maior, Luís, foi o que quedou á fronte da industria pero axiña o obrígaron a alistarse no bando nacional, onde coñeceu unha miseria moi allea á abundancia que vivira ata entón:



““No ano 37 pídelles por favor á súa moza que lle envíe un selo para poder contestarlle, tan apurada era a situación que estaba pasando. El nese momento estaba na fronte, en aviación, e ela era a súa madriña de guerra, así comezaron a escribirse. O meu pai tiña daquela 26 anos e a miña nai, 16.” [Marisa Couto, neta de Secundino e María.]

A fábrica quedou en mans alleas pero os operarios nunca esqueceron o apoio que lles dera o dono:

“A miña avoa era unha muller enérxica. Semella que tiña unha personalidade forte e loitadora, aínda que tamén era inocente como unha nena. Cando o avó foi preso, ela buscou por facer vida e tamén tivo moita axuda da xente da fábrica, que lles querían moito. Aínda que era o empresario, o meu avó sempre apoiou os obreiros, que despois mesmo lle levaban á avoa comida das súas aldeas, cando eles tampouco tiñan moito. E tamén houbo xente de fóra da fábrica que a axudou, veciñanza que a apreciaba moito”. [Marisa Couto, neta de Secundino e María.]